



**DATOS DA PERSOA DECLARANTE:**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:		NIF/CIF:
TELÉFONOS:	CORREO ELECTRÓNICO:	
ACTUANDO COMO <input type="checkbox"/> PERSOA ORGANIZADORA <input type="checkbox"/> REPRESENTANTE DA PERSONA ORGANIZADORA		
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interés.		

**DATOS DA PERSOA ORGANIZADORA: (a cubrir, no caso de actuar a través de representante)**

NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL:	NIF/CIF:
ENDEREZO:	

**ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:**

RUA-PRAZA / NUMERO / PORTAL / PISO:		CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	ENDEREZO DE NOTIFICACIÓN TELEMÁTICA:

**ACTIVIDADE EXTRAORDINARIA:**

Tipo  Recital vocal  Actuación musical  Outra (indicar) \_\_\_\_\_

a desenvolver entre as \_\_\_\_:\_\_\_\_ h do día \_\_\_\_/\_\_\_\_/20\_\_\_\_ e as \_\_\_\_:\_\_\_\_ h do día \_\_\_\_/\_\_\_\_/20\_\_\_\_

no establecemento comercialmente denominado \_\_\_\_\_ con título habilitante de  Restaurante  Café-bar  Pub  Discoteca  Outro (indicar) \_\_\_\_\_

situado en \_\_\_\_\_ e cun aforo máximo de \_\_\_\_\_ persoas.

**A PERSONA DECLARANTE MANIFIESTA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE:**

1º. Que o establecemento e as súas instalacións reúnen os requisitos mínimos regulamentarios para permitir o desenvolvemento dos actos previstos en condicións de seguridade, salubridade e tranquilidade.

2º. Que o desenrolo da *actividade extraordinaria* cuxos datos consignáronse, cumprirá en todo momento a normativa reguladora en materia de actividades recreativas e espectáculos públicos, así como a normativa sectorial aplicable, e non implica modificación sustancial da configuración do establecemento nin das súas instalacións, así como tampouco reducen as condicións mínimas regulamentarias en materia de seguridade, tranquilidade, salubridade e, no seu caso, accesibilidade, propias do local.

3º. Son certos os datos declarados e os documentos que se achegan, que se cumpren con todos os requisitos establecidos na normativa vixente así como no resto de obrigas derivadas do exercicio da actividade (de orde tributario, derivadas da Seguridade Social, de prevención de riscos laborais, etc.), que dispón da documentación que así o acredita, a cal porá a disposición da Administración cando se lle requira, e se compromete a manter o cumprimento das obrigas anteriores durante o tempo do exercicio da *actividade extraordinaria*.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

A PERSOA DECLARANTE

## **OBXETO E REQUISITOS:**

Considerase como extraordinaria, aquela actividade de carácter recreativo non prevista no título habilitante dun establecemento, que se desenvolve de forma ocasional, nun acto único e sen pretensión de continuidade no tempo.

Para poder optar ao desenvolvemento dunha *actividade extraordinaria* é condición necesaria que o establecemento reúna as condicións mínimas de seguridade, salubridade e tranquilidade, dispoña de título habilitante en vigor para unha actividade incluída no catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas (bar, restaurante, pub, etc.), e non pesen sobre o mesmo medidas cautelares ou sancionadoras que impliquen clausura ou inutilización de dotacións a empregar no prazo para o que está prevista a *actividade extraordinaria*.

A asistencia máxima de público non poderá superar o aforo propio do establecemento para a actividade ordinaria, ou no seu caso o calculado por persoa técnica competente de forma específica para a *actividade extraordinaria*. Se o aforo supera as 2.000 persoas a *actividade extraordinaria* requirirá a presentación dun Plan de Autoprotección estando sometido seu exercicio a previa licenza.

## **DOCUMENTACIÓN:**

Xunto con este impreso debidamente cumprimentado deberase aportar a seguinte documentación:

① **Acreditación** da personalidade da parte interesada (DNI/NIE no caso de las personas físicas e acta de constitución no caso das xurídicas) ou no seu caso, do seu representante e documento que acredite a representación.

① **Xustificante de pago** da taxa regulada na ordenanza fiscal para o exercicio de actividades eventuais.

② **Autorización** do uso do establecemento por parte da titularidade cando a persoa organizadora non sexa titular.

③ **Memoria** describindo os actos previstos, así como materiais e equipos que se van a empregar, número máximo previsto de público asistente, así como medidas correctoras e preventivas en materia de seguridade, salubridade, tranquilidade, etc. existentes ou previstas a implementar.

④ **Planos** con suficiente detalle do emprazamento e configuración do establecemento, distribución do mesmo e as súas dependencias anexas, especificando o uso das mesmas, as instalacións existentes ou previstas e superficie útil.

⑤ **Certificados de Inspección de Instalacións** que regulamentariamente requiran revisión periódica. En todo caso, da instalación eléctrica (realizada por Organismo de Control Autorizado: OCA), así como doutras instalacións (de gas e outras) cuxa regulamentación así o esixa. Poderase acreditar mediante copia dos orixinais.

⑥ **Seguro de Responsabilidade Civil**, específico para a *actividade extraordinaria* independente do propio do establecemento, e pola cuantía mínima esixida na normativa reguladora de actividades recreativas e espectáculos públicos. Poderase acreditar a súa disponibilidad mediante copia de póliza + último recibo ou, no seu caso certificado, da entidade emisora do seguro.

⑦ **Outra documentación:** A Administración municipal poderá requirir motivadamente aqueles outros documentos que considere necesarios para acreditar as condicións de seguridade, salubridade, tranquilidade e calquera outra materia legalmente esixible, así como que esta documentación veña suscrita por personal técnico competente ou entidade legalmente habilitada.

Non será necesario presentar a documentación sinalada sobre círculo negro ●, cando xa se aportara a mesma por un acto de similares características, estivexa vixente en canto ao seu contido no prazo previsto para a *actividade extraordinaria*, e así se fixera constar expresamente pola persoa declarante.

## **PRAZO:**

Con carácter xeral a documentación anterior deberase aportar cunha antelación mínima **dun mes** á data de desenvolvemento da *actividade extraordinaria*. Como excepción do anterior, a relativa ao seguro de responsabilidade civil se poderá aportar cunha antelación de **15 días**.

## **NOTAS:**

★ A presentación en prazo desta declaración responsable (o impreso debidamente cumprimentado e acompañado da documentación indicada) permitirá ás persoas organizadoras o desenvolvemento da *actividade extraordinaria*, se dende a presentación da mesma, non se efectuara oposición ou reparo por parte da Administración municipal. Cando a documentación aportada no esté completa ou non sexa correcta, non producirá efecto a comunicación realizada, imposibilitando o exercicio da *actividade extraordinaria*.

★ A presentación desta declaración responsable, co conseguinte efecto de habilitación a partir dese momento, non prexuzgará en modo algún a situación e efectivo acomodo das condicións da actividade á normativa aplicable, nin limitará o exercicio das potestades administrativas de comprobación, inspección, sanción e, en xeral, de control que a esta Administración lle estén atribuídas polo ordenamento xurídico sectorial aplicable.

★ Sen perxuízo do previsto no parágrafo anterior e do réxime de inspección, unha vez comprobada a documentación polos servizos municipais, a Administración municipal poderá impoñer medidas complementarias ou limitativas para o axeitado exercicio da actividade.

★ A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, en cualquier dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable, determinará a imposibilidade do exercicio da actividade, sen perxuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS

<b>Responsable</b>	Concello de Lugo - AREA DE ALCALDÍA
<b>Finalidade</b>	Xestión de solicitudes de celebración de actividades de carácter extraordinario no interior de establecementos
<b>Lexitimación</b>	Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
<b>Destinatarios</b>	Persoas promotoras de actividades de carácter extraordinario no interior de establecementos.
<b>Dereitos</b>	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos.
<b>Procedencia</b>	Datos facilitados polas/os usuarias/os

Deberá escoller entre unha das seguintes opcións sobre o tratamento dos seus datos:

Si desexo que o Concello de Lugo empregue os meus datos para a xestión da tramitación de solicitudes de actividades de carácter extraordinario dentro de establecementos legalmente habilitados para unha actividade recreativa distinta da que se pretende celebrar o desenvolver de forma extraordinaria.

Non desexo que o Concello de Lugo empregue os meus datos para a xestión da tramitación de solicitudes de actividades de carácter extraordinario dentro de establecementos legalmente habilitados para unha actividade recreativa distinta da que se pretende celebrar o desenvolver de forma extraordinaria.

### **INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS PERSOAIS**

Os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionánselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

### **RESPONSABLE DO TRATAMENTO**

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado en Praza Maior, nº1 27001 Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: [010@concellodelugo.org](mailto:010@concellodelugo.org)
- Contacto DPD: [dpd.lugo@seguridadinformación.com](mailto:dpd.lugo@seguridadinformación.com)

### **FINALIDADE**

No Concello de Lugo tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin de realizar a xestión de solicitudes de celebración de actividades de carácter extraordinario no interior de establecementos.

### **LEXITIMACIÓN**

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no cumprimento dunha obriga legal, Lei 10/2017, del 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a non cumplimentación supón imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

### **DESTINATARIOS**

Non está prevista a comunicación dos datos a terceiros. Non está prevista a transferencia internacional de datos.

### **DEREITOS**

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de Lugo, estamos tratando datos persoais que lles atañan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Lugo de maneira automatizada (medios informáticos).